VIHVENCIAS SEXUAIS DE AQUÍ E ACOLÁ

COUSAS DA VIHDA



CONCELLO DE SANTIAGO

Con motivo da conmemoración o 1 de decembro do Día Internacional da SIDA, o Pleno da Corporación, na sesión ordinaria do día 17 de novembro de 2016, por unanimidade dos concelleiros e concelleiras aprobou esta Declaración Institucional, en concordancia coa Declaración de París:

1. Grazas aos avances científicos, o activismo comunitario e o compromiso político cuns obxectivos comúns, temos a oportunidade real de pór fin á epidemia da sida a escala mundial para o ano 2030. As cidades levan moito tempo na primeira fila da resposta á sida, e agora atópanse nunha posición única para liderar accións aceleradas con miras a acadar os obxectivos 90-90-90 en 2020, é dicir, que o 90% das persoas que viven co VIH coñezan o seu estado serolóxico; que o 90% dos que coñecen o seu estado serolóxico positivo reciban tratamento; e que o 90% das persoas en tratamento supriman a carga viral. Somos conscientes de que nos atopamos nun momento histórico para lle dar resposta á sida.
2. Actualmente poderiamos deter todas as novas infeccións polo VIH e evitar as mortes relacionadas coa sida, incluídas as debidas á tuberculose. Podemos acabar co estigma e a discriminación. A nosa cidadanía debe ter acceso a servizos de prevención, tratamento, atención e apoio relacionados co VIH e a tuberculose que permitan salvar vidas.
3. Coa colaboración entre concellos, podemos adoptar medidas locais que teñan repercusión mundial e aproveitar o noso alcance, infraestruturas e capacidade humana para crear un futuro máis equitativo, incluínte, próspero e sostible para toda a cidadanía, sen importar o seu sexo, situación económica ou social ou orientación sexual.
4. Por todo o anterior o Concello de Santiago comprométese a:

Traballar cara aos obxectivos 90-90-90 relativos ao tratamento do VIH para o 2020, que reducirán rapidamente o número de infeccións por VIH e as mortes relacionadas coa sida —incluídas as causadas por tuberculose— e acelerarán o proceso para acabar con ela para o ano 2030. Comprometémonos a ofrecer, dentro do noso ámbito competencial, un acceso sostido aos servizos de detección, tratamento e prevención. Terminaremos co estigma e a discriminación.

Situar as persoas no centro de todo o que facemos. Centrarémonos, sobre todo, nas persoas vulnerables e/ou en situacións de exclusión. Respectaremos os dereitos humanos e non deixaremos a ningún de lado. Actuaremos no plano local e en colaboración coas nosas comunidades para impulsar o apoio mundial a prol de sociedades resistentes e saudables e de desenvolvemento sostible.

Abordar as causas de risco, vulnerabilidade e transmisión. Empregaremos todos os medios necesarios, como ordenanzas municipais, campañas, programas e outras ferramentas, para abordar os factores que fan que as persoas sexan vulnerables ao VIH e a outras enfermidades. Traballaremos estreitamente coas comunidades, os provedores de servizos, os encargados do cumprimento da lei e outros organismos, así como coas poboacións vulnerables ou en situacións de risco social, co fin de remover estereotipos e estigmas e promover a prevención e protección da saúde.

Empregar a resposta á sida para unha transformación social positiva. O liderado arredor deste tema impulsará unha transformación social innovadora para crear sociedades equitativas, incluíntes, receptivas, resistentes e sostibles. Integraremos programas de saúde e sociais co obxecto de mellorar a prestación de servizos, incluídos os relacionados co VIH, a tuberculose e outras enfermidades. Empregaremos os avances da ciencia, a tecnoloxía e a comunicación para impulsar este obxectivo.

Impulsar plans, accións e iniciativas para dar unha resposta axeitada ás necesidades locais. Desenvolveremos e promoveremos servizos innovadores, seguros, accesibles, equitativos e libres de estigma e discriminación. Fomentaremos e impulsaremos a participación e o liderado da comunidade para incrementar a demanda e para prestar servizos que respondan ás necesidades locais.

Mobilizar recursos para a saúde pública e o desenvolvemento integrados. Promover que se invista xuntos na resposta á sida, mostrando un compromiso firme coa saúde pública, é un investimento sólido no futuro das nosas cidades que fomenta a produtividade, a prosperidade compartida e o benestar. Adaptaremos os recursos e os plans das nosas cidades para ofrecer unha resposta áxil e axeitada e mobilizaremos os recursos e estratexias necesarias para pór fin á epidemia da sida para 2030.

Unirnos como líderes/lideresas. Comprometémonos a elaborar un plan de acción e a unirnos nunha rede de cidades co obxecto de facer realidade a presente Declaración. Traballaremos nunha ampla consulta con todas as partes interesadas e analizaremos periodicamente os resultados a fin de xustificar as nosas respostas para que sexan máis rápidas,intelixentes e eficaces. Apoiaremos a outras cidades e compartiremos as nosas experiencias, coñecementos e información sobre os aspectos que funcionan e os que se poden mellorar. Informaremos anualmente sobre os nosos progresos. ■

UNHA BONITA TARDE DE FINAIS DE VERÁN NUNHA PRAIA DA COSTA GALEGA...

ARTUR

CHARO

MARA

GAEL

BRAIS

RITA


ESTE DA FOTO...
A VER, ENSINA...
GUAU!
ESTÁ BOÍSIMO!
A QUE SI?
SI, A VERDADE É QUE NADA MÁIS VELO ME PUXEN COMO UNHA MOTO! FALAMOS E CONXENIAMOS... NO SEU PERFIL DICÍA QUE BUSCABA SEXO SEN CONDÓN... PERO NON PUIDEN EVITAR QUEDAR CON EL IGUALMENTE!
E QUE PASOU?
QUE TAL ERA?
CONTA!

DESPOIS DE DEIXAR A EQUIPAXE, FOMOS CEAR E CHARLAR PARA IR COÑECÉNDONOS UN POUCO MÁIS. A VERDADE, ERA UN RAPAZ SIMPATIQUÍSIMO!

LOGO FOMOS DIVERTIRNOS E BAILAR... ESTABA COMODÍSIMO CON EL, E PARECÍA QUE EL TAMÉN ESTABA MOI A GUSTO COMIGO...

AO FINAL DÍXENLLE QUE VIÑESE Á CASA... EL TIÑA HOTEL, PERO...

ESTABA BOÍSIMO... ENCANTÁBAME, FALAMOS DO QUE NOS EXCITABA A CADA UN... QUE MOMENTO! XA SABES QUE EU NUNCA O FAGO SEN CONDÓN... EL QUERÍA SEN CONDÓN...




POIS EU TAMÉN TEÑO PROBLEMAS COS CONDÓNS...
PORQUE CANDO SAIO DE MARCHA NUNCA SEI SE LEVALOS OU NON... E, CLARO, NON QUERO CORRER O RISCO DE QUEDAR EMBARAZADA, E SOBRE TODO DE COLLER ALGUNHA INFECCIÓN!
TES QUE LEVALOS, POR QUE NON? SE ATOPAS A ALGUÉN E TES GANAS DE FACELO, E EL NON TEN NADA..., QUE FAS?
PARECERAVOS UNHA PARVADA, PERO DÁME UN POUCO DE CORTE DARLLO... ÁS VECES NON COÑECES MOITO A PERSOA E... EU QUE SEI!
E SE NON QUERE? XA ME TEN PASADO.
QUERES QUE VOLVA CONTAR A MIÑA HISTORIA?



ESTABA TODO PRECIOSO: UNHA NOITE MARABILLOSA, LUCES DE CORES, MÚSICA... E ATOPEI UN COMPAÑEIRO DAS CLASES DE INGLÉS QUE ME ENCHÍA O OLLO...

A VERDADE É QUE PARECÍA QUE EU TAMÉN LLE INTERESABA... EMPEZAMOS A COQUETEAR UN POUCO... E XA AVANZADA A NOITE... LANCEIME! BIQUEINO, ALÍ, DIANTE DE TODOS!



E LOGO FOMOS A UN SITIO MÁIS APARTADO PARA INTIMARMOS...

ESTABAMOS TAN A GUSTO XUNTOS... PERO NINGÚN DOS DOUS TIÑAMOS CONDÓN...

... E ACABAMOS COAS LINGUAS.

COMO GOCEI...! NON SABEDES COMO LLE DABA Á LINGUA!

POIS ISO MÁIS QUE INGLÉS, PARECE FRANCÉS!

NON TODO É METER, ISO ESTÁ CLARO! PERO... HAI QUE DESCUBRILO...

ISO É O QUE ME GUSTA A MIN: QUE ME ESTIMULEN A VULVA COA BOCA, COAS MANS... VIVA O CUNNILINGUS!!

OS MEUS ORGASMOS SON CASE SEMPRE CANDO ME ESTIMULAN O CLÍTORIS!


A MIN NON ME GUSTA NADA O CONDÓN. POÑER UNHA FUNDA NO MOMENTO QUE ESTÁS EXCITADO, DÁME BAIXÓN!
??
EU COÑECÍN UN MOZO QUE LLE PASABA ISO, E A SÚA PARELLA USABA O FEMININO... POR QUE NON PROBADES?
DEPENDE COMO CHO POÑAN... IGUAL O QUE SERÍA MOI EXCITANTE É XOGAR A POÑELO!
IGUAL SE CHO POÑEN COA BOCA... HA, HA, HA... HABERÍA QUE SABER COMO SE FAI!
HA
HA
HA
OS TÍOS ENTÉNDENME... ENTRE BUSCALO, O AIRE, O ENREDO DE POÑELO BEN... A MIN BAIXÁSEME! ADEMAIS, EU NON SINTO IGUAL...!
POIS SE NON QUERES TOMAR A PASTILLA PODEMOS FACELO POR ATRÁS.
ASÍ NON CORRES O RISCO DE QUEDAR EMBARAZADA, E A MIN O TEMA EXÍTAME MOITO!


A VERDADE É QUE PROBAR POR OUTROS CAMIÑOS DESCÚBRECHE COUSAS NOVAS!
ADEMAIS, NÓS FACÉMONOS PROBAS SEROLÓXICAS UNHA VEZ AO ANO...
VAIA LEA QUE VOS MONTADES COAS RELACIÓNS SEXUAIS! DÁDESLLE MOITA IMPORTANCIA A TODO ISTO... EU PASO... A MIN O QUE MÁIS ME GUSTA É COÑECER A ALGUÉN, QUE ME COÑEZAN, FLIRTEAR...
A VERDADE É QUE SÓ FALAMOS DE SEXO CANDO O IMOS FACER... NO MELLOR DOS CASOS!
ÁS VECES É BOA IDEA ACHEGARSE A UN CENTRO DE ASESORAMENTO. EXPLÍCANCHE TODO, DANCHE CONDÓNS ...
BENVIDO, ESTE É UN CENTRO DE ASESORAMENTO ANÓNIMO E CONFIDENCIAL. ESTAMOS AQUÍ PARA RESOLVER AS TÚAS DÚBIDAS.
LEVAMOS TRES ANOS, XA SOMOS UNHA PARELLA ESTABLE COMO PARA SEGUIR CO CONDÓN...
O CONDÓN É UN MÉTODO DE PROTECCIÓN FRONTE A EMBARAZOS NON PLANIFICADOS E POSIBLES INFECCIÓNS. CAL É A VOSA DIFICULTADE CON EL?

É QUE EU É PONER O CONDÓN E XA SE ME BAIXA TODO... PERDO AS GANAS... NON SINTO O MESMO CANDO O PONO... DÁNOS BAIXÓN AOS DOUS...

O PRESERVATIVO OFRECE PROTECCIÓN EN DETERMINADAS PRÁCTICAS... PROBACHES ALGUNHA VEZ A INTRODUCILO COMO ELEMENTO ERÓTICO? NA MASTURBACIÓN, NA FELACIÓN... A XOGAR CON EL...?

EU FUN A UN CENTRO PORQUE CRÍA QUE NO SEXO ENTRE MULLERES NON HABÍA POSIBILIDADE DE TRANSMISIÓN DE INFECCIÓNS.

OH, NUNCA O PENSARA!

VÓS SODES AS GRANDES ESQUECIDAS, XA QUE AS CAMPAÑAS SEMPRE FALAN DO RISCO DE EMBARAZO EN PARELLAS HETEROSEXUAIS, E DA TRANSMISIÓN DO VIH EN PARELLAS MASCULINAS, PERO VÓS TAMÉN TEDES POSIBILIDADES DE TRANSMISIÓN DALGUNHA INFECCIÓN.

VES CANTAS POSIBILIDADES?

NON SABEDES O QUE APRENDÍN! CADA PRÁCTICA TEN UNHA FORMA DIFERENTE DE PROTECCIÓN FRONTE AO VIH OU OUTRAS INFECCIÓNS. POR EXEMPLO: PARA A PENETRACIÓN ANAL, PRESERVATIVO EXTRA FORTE E LUBRICANTE; PARA A PENETRACIÓN VAXINAL, PRESERVATIVO MASCULINO OU FEMININO; PARA O SEXO ORAL BANDAS DE LÁTEX, CONDÓNS DE SABORES... TODO UN MUNDO!

EU CREO QUE É IMPORTANTÍSIMO INFORMARSE DE TODAS ESTAS COUSAS. ÁS VECES PENSAMOS QUE SABEMOS E NON É ASÍ...

A MIN O DOS CONDÓNS DE SABORES RESÚLTAME DIVERTIDÍSIMO!

TES RAZÓN.

EU TEÑO ESCOITADO QUE HAI XENTE ALÉRXICA AO LÁTEX, E HAI CONDÓNS SEN LÁTEX...

TAMÉN HABERÍA QUE FALAR DA POSIBILIDADE DE FACER UNHA PROBA RÁPIDA CANDO TES UNHA PRÁCTICA CON POSIBILIDADES DE TRANSMISIÓN DE VIH. TODOS DEBERIAMOS ACHEGARNOS NALGÚN MOMENTO A...

MIRA, GAEL, POR AÍ VÉN A TÚA MOZA...

OLA, CARIÑO.

OLA, AMOR... OLA, MEUS... DE QUE FALADES, TAN ANIMADOS?

DE QUE VAI SER? DE SEXO!


ESTÁBALLE CONTANDO QUE NÓS ESTAMOS NOUTRA HISTORIA...! TEMOS RELACIÓNS PERO SEN PENETRACIÓN. O NOSO LEMA É: "A NOSA HISTORIA FACÉMOLA NÓS".
POIS SI, A PENETRACIÓN É UN XOGO MÁIS, NON UNHA META. A MIN ENCÁNTAME QUE ME MIREN... E A EL GÚSTALLE MIRAR... ACARICIARNOS... PODEMOS XOGAR HORAS ASÍ COS NOSOS CORPOS!
?
?
?
DÁME A IMPRESIÓN DE QUE VÓS OS DOUS O PASADES MOI BEN!
E CON ISO CHÉGAVOS? NON TEDES GANAS DE RELACIÓNS SEXUAIS COMPLETAS?
COMPLETAS?
PARA NÓS, COMPLETAS...
SON AS HAMBURGUESAS!

ALGÚNS APUNTAMENTOS FINAIS

ARTUR

*Artur á parte de condón extraforte leva consigo un sobre de lubricante, xa que en caso de ter unha práctica anal todo esvara mellor e é un factor de protección da transmisión de algunha **ITX (Infección de Transmisión Xenital).***

RITA E BRAIS

Brais e Rita fan unha proba de VIH e outras ITX unha vez ao ano; é unha forma de saber que poden seguir sen preservativo. Comezaron a usar lubricante nas primeiras relacións pene-ano e agora está presente moitas veces nos seus encontros.

MARA

Aprendeu a xogar nas súas prácticas buco-xenitais coas bandas de látex e de paso a protexerse doutras ITX. Tamén ten claro que no caso de empregar xoguetes eróticos en penetracións combinadas da vaxina ao ano, é recomendable cambiar de preservativo antes de pasar dun lado ao outro.

CHARO

Sempre leva preservativos con ela, porque aínda que toma a pílula por recomendación médica, sabe que non a protexe das ITX. É unha muller segura e non pasa por non empregalo cando llo propoñen.

GAEL

Nas relación eróticas hai moitas máis prácticas que a penetración. Descubrilas e gozar delas está nas túas mans (e na túa lingua, na túa pel, nas túas palabras...)

CONCELLO DE SANTIAGO

Edita **Concellería de Políticas Sociais, Diversidades e Saúde**

Guión e documentación Asociación Sexus · **Debuxos** Ramón Marcos · **Cor** Jorge Castelli · **Deseño gráfico** FDA

Depósito legal C 1941-2017